

MARCO INPUT-OUTPUT DE GALICIA 2005

Nota sobre o cambio de base

O Marco Input-Output de Galicia 2005 constitúe un cambio de base contable nas contas económicas de Galicia. As estatísticas de síntese deben, cada certo tempo, realizar cambios de base contable que permitan incluír novas fontes estatísticas co obxectivo de mellorar as estimacións dos agregados macroeconómicos ou adaptarse a novas metodoloxías cumprindo coas liñas marcadas por Eurostat, garantindo así a comparabilidade con outras economías. Incluír novas fontes ou novos criterios metodolóxicos nas elaboracións anuais podería distorsionar a análise xa que as series contables non serían homoxéneas.

Para realizar un cambio de base nun sistema de contas é recomendable estimar un marco input-output xa que esta ferramenta estatística da unha maior coherencia ás estimacións das contas económicas.

O cambio de base que se deriva do novo marco contable 2005 inclúe cambios nas fontes estatísticas básicas e melloras nas estimacións do marco. Como consecuencia dos cambios introducidos revísanse as estimacións dalgúns agregados estimados no sistema de contas económicas integrado de Galicia. En particular, os principais cambios nas estimacións atopámolos nos seguintes aspectos:

- Construción: a consolidación da *Encuesta de la Estructura de la Construcción* elaborada polo Ministerio de Fomento contribúe a mellorar as estimacións rexionais do sector da construción. Esta enquisa ofrece resultados representativos por comunidade autónoma dende 2001.
- Enerxía: os principais cambios derivanse da información obtida na *Enquisa das empresas multilocalizadas en Galicia* no sector eléctrico. Esta información permite distinguir a produción galega das empresas que teñen sede fóra de Galicia pero actividade produtiva na nosa comunidade autónoma.
- Servizos de mercado: as revisións realizadas derivan da *Enquisa sobre a estrutura produtiva galega*, realizada para a elaboración do MIOGAL-05.
- Servizos de non mercado: a aparición de novos entes públicos de non mercado xunto cunha nova estimación da actividade da administración xeral do estado en Galicia provoca unha revisión á alza do valor engadido deste sector. Esta revisión é o froito da rexionalización de determinados servizos prestados en Galicia pola administración. Relacionado con esta revisión, tamén sufriu modificacións o gasto en consumo final das Administracións Públicas.

- Emprego: afondouse na identificación do emprego asalariado e non asalariado a partir das fontes estruturais dos sectores servizos e industria. O novo marco input-output de Galicia revisa as estimacións de emprego das contas anuais, especialmente na distribución interna entre asalariado e non asalariado. Un dos maiores avances, no que atinxe ao emprego, é a estimación das horas efectivas asalariadas e non asalariadas por rama de actividade. A súa estimación achegou maior consistencia nas estimacións do emprego.

- Agregados de demanda: a principal revisión nas estimacións dos agregados da demanda é a formación bruta de capital fixo. As novas fontes de estimación, as estimacións da oferta e os criterios seguidos na estimación do comercio exterior inciden neste agregado da economía galega.

O resultado conxunto da elaboración dun novo marco contable é unha revisión á baixa do Produto Interior Bruto de Galicia dun 0.6%.